



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

... facía falta casarse cun vello  
que estivera ben forrado.

Teño de subir al cielo  
por unha cinta de flores  
teño de lovar conmigo  
a Virghen de lor Dolores.

Nosa Señora da Barca  
eu ben a vin embarcare  
con ferriñas e pandeiros  
alá na beira do mare.

Sempre m'andas perghuntando  
de que romaría veño  
veño de Santa Lilaina  
de Santa Lilaina veño.

Po-lo sombreiro ó torto  
porqu'eres fillo dun rico  
pódelo poñer ó dreito  
qu'eu de ti non necesito.

Eres alto com'on pino  
delghado com'on chimón  
quén te vai querer a ti  
ollos de ghato lambón.

/: Manuel con Manuela :/  
na vida dos nemorados  
non hai vida como ela.

/: Heiche de dar que non durmas :/  
heiche de botar na cama  
medio ferrado de pulghas.

Teñ'un caravel na ihorta  
unha rosa na cortiña  
o caravel non val nada  
ia rosa ié bonitiña.



Adiós casa de mis padres  
casa donde me criei  
hortiña qu'eu quero tanto  
figheiriñas que plantei.

Adiós casa de mis padres  
casa de las cuatro esquinas  
para mi se acabaron  
las entradas y salidas.

Namorei dunha nena  
porqu'ela cantaba ben  
agora morro de fame  
e o cantar non me mantén.

/: Baila ben e dáll'o son :/  
que te podes alabar  
bailas cun de pantalón.

Cantas ti e canto eue  
irémo-los dous cantando  
canta quen tuvera amores  
lor míos vanse acabando.

Fuches a Villagharcía  
fuches e non viches nada  
non viches raia-lo sol  
nunha mazán colorada.